

## Concello de Ortigueira

### **BASES QUE REXERÁN O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA A VENDA AMBULANTE NA FEIRA DE ARTESANÍA DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA NO ANO 2026**

(Aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 14/5/2026 )

#### **1ª.- Obxecto**

É obxecto destas bases regular as condicións para a adxudicación de autorizacións para o exercicio da venda ambulante no mercado de artesanía que se celebra con motivo do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira no ano 2026, durante os días 8 ao 12 de xullo.

Dado a limitación de espazo dispoñible para o desenvolvemento do mercado de artesanía, o número máximo de autorizacións que poderán outorgarse ao amparo desta convocatoria é de 50, coa seguinte desagregación:

- Autorizacións tipo 1 (casetas): 40
- Autorizacións tipo 2: 10

A concesión destas autorizacións rexerese, ademais de polo establecido nestas bases, polo disposto na lexislación vixente en materia de venda ambulante ou non sedentaria, en particular, polos artigos 70 a 78 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, así como pola ordenanza reguladora de venda ambulante en mercados do Concello de Ortigueira (BOP núm. 108 de 12.05.2000); sen prexuízo das restantes normas concordantes que resulten de aplicación.

A autorización de venda de ambulante outorgada ao amparo desta convocatoria non prexulga calquera outra autorización ou licenza que puidese resultar preceptiva.

As autorizacións concederanse a persoas físicas ou xurídicas e terán carácter intransferible, con excepción do cónxuxe e fillos maiores de 18 anos. Só concederase unha licenza por persoa ou entidade.

#### **2ª.- Situación, casetas e instalacións**

O espazo público que se reserva para desenvolvemento do mercado de artesanía correspóndese coas zonas descritas no plano que se anexa como anexo I

Os interesados poderán optar aos seguintes tipos de autorizacións:

##### a) Autorización de tipo 1 (casetas)

Esta autorización está destinada a aqueles artesáns que desexen facer uso das casetas que poña ao dispor o Concello. Estas casetas dispoñerán de peche, iluminación e enerxía eléctrica.

Serán por conta do Concello os gastos de enerxía eléctrica nos que incorra o autorizado, así como os derivados da seguridade. O Concello proporcionará servizo de vixilancia e seguridade privada no horario nocturno.

As casetas, á súa vez, dispoñen de dous modelos:

- Modelo 1 de 2,10 x 2,10 metros (4,41m<sup>2</sup>), segundo anexo.
- Modelo 2 de 3,40 x 2,10 metros (7,14m<sup>2</sup>), segundo anexo.

Cada interesado poderá solicitar unha única caseta e modelo.

O número máximo de autorizacións para o desenvolvemento da venda en casetas é de 40.

##### b) Autorización de tipo 2

Esta autorización está destinada a aqueles artesáns que desexen ocupar un espazo público para ofrecer os seus produtos valéndose unicamente dunha mesa de exposición. Non está permitida a instalación de estruturas.





## Concello de Ortigueira

---

O espazo para ocupar terá unha dimensión máxima de 1x1 metros. O número máximo de autorizacións de tipo 2 é de 10.

### **3ª.- Desenvolvemento do mercado: horarios, e produtos autorizados**

A celebración do mercado de artesanía comprenderá as datas do 8 ao 12 de xullo de 2026 (ambos inclusive).

**Debido a axustes de programación do Festival, aínda que hai actividades desde o día 8 ao día 12, os concertos nocturnos na Alameda (onde está a Feira) serán os días 9, 10 e 11 de xullo, xoves, venres e sábado).**

**Os días 8 e 12 serán na denominada Vila Celta, sita na Preguiza.**

O horario autorizado será desde as 12:00 ata as 00:00 horas. Os días nos que se celebren concertos de música, o horario máximo de peche estenderase ata unha hora despois da finalización dos mesmos. Permitirase o peche durante un período de 60 minutos a mediodía.

As autorizacións obxecto desta convocatoria terán por obxecto exclusivamente a venda de produtos de artesanía, nos termos establecidos no artigo 3 da Lei 08/2023, do 14 de decembro, de Artesanía de Galicia.

Para estes efectos, considerárase produto artesanal aquel derivado dunha actividade económica que supoña o deseño, a creación, a produción, a transformación, a restauración ou a reparación de bens de valor artístico ou tradicional e de bens de consumo, así como a prestación de servizos derivada daquelas, a condición de que se realicen ou obteñan mediante procesos nos que a intervención persoal e o coñecemento técnico da persoa ou persoas que participan nelas constitúan o factor determinante para a obtención do produto final.

Queda expresamente prohibida a venda de produtos gastronómicos ou bebidas, así como de armas, obxectos punzantes, cornos para producir sons, megáfonos, paus, bates ou similares, aínda que se trate de produtos artesáns.

En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante ou non sedentaria os bens ou produtos cuxa propia normativa prohiba e aqueloutros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade.

O Concello resérvase o dereito para retirar parte ou a totalidade dos produtos dun vendedor se non cumpren coa normativa de participación establecida nestas bases ou se trata de produtos non indicados na súa solicitude.

### **4º- Requisitos dos solicitantes**

Poderán solicitar a súa participación na presente convocatoria aquelas persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante en mercados, en particular:

a) Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e no censo de actividades económicas (modelo 037-036), e, no seu caso, no Imposto de Actividades Económicas (modelo 840). Acreditábel co correspondente certificado de situación censual.

b) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.



## Concello de Ortigueira

---

- c) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- d) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- e) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, e declaración responsable sobre a autorización á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- f) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.
- g) Non ter débedas coa ATRIGA, TGSS, e AEAT.

### 5º.- Solicitudes: lugar e prazo de presentación

Os interesados en obter autorización para o exercicio da venda ambulante no mercado de artesanía obxecto destas bases, presentarán a súa solicitude, no prazo de DEZ DIAS HÁBILES, contados a partir do seguinte a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, presencialmente ou a través da sede electrónica <https://ortigueira.sedelectronica.es>, ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En caso de presentarse a través das oficinas de Correos, será obrigatorio que o interesado informe ao Concello, a través da sede electrónica <https://ortigueira.sedelectronica.es/> ou mediante correo electrónico ([info.festival@concellodeortigueira.com](mailto:info.festival@concellodeortigueira.com)), de que presentou unha solicitude por esta vía indicando a data de imposición do envío na oficina de Correos. Non será admitida a documentación remitida por correo se é recibida no Concello transcorridos tres días naturais tras a data de terminación do prazo.

### 6º.- Documentación a presentar

Nas solicitudes incluírase a seguinte documentación:

A) Modelo de solicitude-declaración responsable que se anexa como anexo (Anexo III)

B) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para a venda ambulante:

No caso de persoas físicas:

- Documento Nacional de Identidade
- No caso de persoas estranxeiras (estados non membros da UE), tarxeta de identidade de estranxeiro, ou documento que legalmente o substitúa; e permisos de residencia e traballo.

No caso de persoas xurídicas:

- Número de Identificación Fiscal
- Escritura de constitución, estatutos ou acta constitutiva da entidade, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos no Rexistro Público que corresponda.
- Apoderamento do representante ou representantes que actúan en nome da entidade, en escritura pública rexistrada no Rexistro Público que corresponda, salvo que se recolla directamente nos estatutos.
- Documento Nacional de Identidade, Tarxeta de identidade de estranxeiro, ou documento que legalmente o substitúa do representante da entidade.



## Concello de Ortigueira

Documentación común a persoas físicas e xurídicas:

- Certificado de situación censual (emitido pola AEAT).
- Acreditación de estar ao corrente no pago do IAE (se procede).
- Certificado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda, así como os empregados do negocio (se procede), o documento equivalente acreditativo de la situación de alta en el réxime correspondente da Seguridade Social. TGSS)
- Si ten empregados por conta allea, informe de vida laboral do código de conta de cotización o informe de traballadores en alta (ITA).
- Certificados de non ter débedas coa ATRIGA, TGSS e AEAT.

TODOS ESTES DOCUMENTOS DEBERÁN PRESENTARSE DE FORMA OBRIGATORIA NA DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE.

C) Documentación de achega voluntaria que sirva para valorar os criterios sinalados na base décimo quinta. Esta documentación, no caso de non ser presentada, non será valorada.

- Catálogos, fotografías, vídeos ou documentación da artesanía inventariada que se ofertará á venda.
- Acreditación de Persoa artesá, Obradoiro artesá, mestra artesá e mestre artesán, emitidas polas correspondentes organismos reguladores de calquera CC.AA. de España o de seu homólogos estranxeiros.
- Acreditación de pertenza a Asociacións de Artesáns.
- Acreditación de actividade profesional como artesán.

### 7ª.- Criterios de valoración

Tendo en conta do carácter limitado do espazo público dispoñible para o desenvolvemento da venda ambulante na feira de artesanía e, por conseguinte, do número limitado de autorizacións, de conformidade co establecido no artigo 76.1 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, as solicitudes admitidas que cumpran os requisitos para desenvolver a actividade de venda serán puntuadas de acordo con os seguintes criterios, a efectos de establecer unha prelación para a súa adjudicación:

- Catálogos, fotografías, vídeos ou documentación da artesanía inventariada que se ofertará á venda. Hasta 4 puntos
  - Acreditacións, máximo de 2 puntos.(exclúinte entre si)
    - Persoa artesá (a extinguir) ou Obradoiro artesá.
  - Acreditación de pertenza a Asociacións de Artesáns. 2 puntos.
  - Pola elaboración exclusiva de instrumentos musicais tradicionais. 2 puntos.
  - Por acreditar mais de 5 anos ininterrompidos de exercicio profesional na artesanía. 5 puntos.
- É necesario aportar certificado oficial de alta en seguridade social en actividades de artesanía).

Toda a documentación que se achegue deberá estar vixente na data de finalización de prazo de presentación de solicitudes.

A puntuación máxima que pode obterse é de 15 puntos.

Todos estes criterios deberán acreditarse achegando a correspondente documentación.

Para ditas valoracións se terá en conta o disposto na Lei 8/2023 de Artesanía de Galicia. Tamén serán validos os documentos e acreditacións doutras Comunidades Autónomas, sempre que veñan redactadas en castelán ou galego, ou doutros países coas mesmas condicións de idiomas.



## Concello de Ortigueira

---

### 8ª.- Comprobación e valoración de solicitudes

A efectos de valorar a adecuación das solicitudes presentadas ás estipulacións establecidas nas presentes bases, constituirase unha Comisión Técnica integrada polo persoal municipal.

A cualificación da documentación presentada realizarase pola Comisión Técnica o sétimo día hábil seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións.

No caso de que esta non se axuste aos modelos establecidos nestas bases ou omitiuse algún dos documentos de presentación obrigatoria, requirirase ao interesado para que, no prazo de tres días hábiles, emende os defectos advertidos. Superado devandito prazo sen completar ou emendar a solicitude será excluído do procedemento, entendéndose que desiste da súa solicitude.

Acto seguido, pola Comisión procederase a realizar a baremación, conforme aos criterios de adjudicación previstos nestas bases.

A adjudicación realizarase por orde de puntuación (de maior a menor) para cada unha das zonas e categorías. As que obteñan maior puntuación dentro da categoría e zona resultarán adjudicatarias. No caso de que o número de solicitudes exceda ao número de postos dispoñibles para cada categoría establecida en cada zona e exista empate no nivel de puntuación, a adjudicación resolverase mediante sorteo público.

Poderase constituír unha lista de reserva coas solicitudes admitidas que quedasen sen autorización para cubrir posibles baixas. A súa orde na lista determinarase por puntuación e en caso de empate co mesmo criterio sinalado no parágrafo anterior.

No caso de que non haxa suficientes solicitudes para cubrir todos os postos de casetas poderán ser ocupadas polos solicitantes doutra categoría dentro ou non da mesma zona, sempre que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases.

Elaborarase unha listaxe provisional de autorizados desagregado por tipo de autorización e, en caso de ser maior o número de solicitudes que o de postos ofertados, tamén incluírá aos solicitantes que quedan incluídos na lista de reserva. Devandita listaxe farase público, no taboleiro de anuncios do Concello da súa sede electrónica <https://ortigueira.sedelectronica.es/> e na páxina web do Festival [www.festivaldeortigueira.com](http://www.festivaldeortigueira.com).

Os beneficiarios provisionais achegarán a seguinte documentación dentro do prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte á publicación da relación no perfil do contratante:

- Xustificante de ingreso da taxas correspondente.
- Copia do recibo actualizado da Póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra o risco de danos a persoas ou cousas durante o desenvolvemento da súa actividade, e documento da póliza.

No caso de que algún dos beneficiarios provisionais non achegase a documentación requirida procederase a adjudicar o posto ao solicitante seguinte, previa achega da mesma documentación.

**Todos os contactos, requirimentos e avisos tramitaranse por procedementos electrónicos e/o telefónicos.**

### 9ª.- Outorgamento das autorizacións

Á vista da proposta de Comisión Técnica, mediante resolución da Alcaldía, procederase a outorgar as autorizacións, do que se dará a debida publicidade polos mesmos medios que os sinalados para a



## Concello de Ortigueira

---

relación provisional de autorizados.

Na autorización constará:

- a) Identificación do titular da autorización e cando corresponda, identificación da persoa ou persoas autorizadas para exercer a actividade e, no seu caso, das persoas con relación laboral autorizada que vaian realizar a actividade en nome do titular, así como domicilio ao que deban dirixirse as reclamacións.
- b) Produtos autorizados para a venda.
- c) Período de vixencia.
- d) Lugar, posto asignado, data e horas autorizadas para realizar a actividade

### 10ª.- Obrigacións

1.- As persoas autorizadas quedan obrigadas ao cumprimento destas bases e das disposicións que lles afecten en materia de lexislación sobre comercio, social, policía sanitaria, policía de espectáculos e calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

2.- O espazo asignado deberá destinarse única e exclusivamente para a actividade autorizada e será utilizado pola persoa titular da autorización. Non poderá levar a cabo a venda de produtos distintos dos sinalados na súa solicitude e debidamente autorizados e inventariados. Queda así mesmo prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso mediando ou non a entrega de prezo; polo que en ningún caso poderá o adxudicatario transmitir a outra persoa a autorización outorgada fóra dos supostos e cos requisitos previstos na lexislación sobre comercio ambulante, nin variar a actividade autorizada.

3.- As instalacións para utilizar serán exclusivamente as casetas que o Concello poña ao dispor das persoas autorizadas. Unicamente exceptúase desta obrigación aos artesáns ambulantes aos que se autoriza a colocar unha mesa dentro do espazo asignado. Non se poderá amosar ningún tipo de material ou produto en lugares que excedan do espazo autorizado.

4.- En todo momento deixaránse libres os accesos. O paso necesario para vehículos de emerxencia permanecerá libre de obstáculos e garantidos en todo momento. No caso dos artesáns titulares de autorizacións de tipo 2 (sen caseta), situaranse obrigatoriamente no corredor central dos xardíns de Julio Dávila segundo plano adxunto.

5.- O autorizado farase responsable dos danos que se poidan ocasionar tanto a persoas como a bens, derivados da instalación e a actividade realizadas. Así mesmo, tamén será responsable ante o Concello de calquera dano que sufra a caseta ou espazo público que se lle asigne, salvo que este derívese de causas de forza maior. A tales efectos, requirirase a contratación dun Seguro de Responsabilidade Civil a terceiros de coberturas básicas e de obrigado cumprimento, para todos os efectos de danos causados durante a celebración do evento.

6.- O adxudicatario deberá deixar en perfecto estado de limpeza a caseta e o espazo da vía pública utilizado e acatar en todo momento as ordes que imparta o Concello ou calquera outra autoridade por razóns de seguridade cidadá, orde pública ou para a boa marcha da feira.

7.- O autorizado terá o deber de abandonar e deixar libres e baleiros ao dispor do Concello ao final do prazo (antes das 17:00 horas do día 13 de xullo de 2026), os bens ou espazos obxecto de utilización.



## Concello de Ortigueira

---

No caso contrario, o Concello terá a potestade de acordar e executar de seu o lanzamento.

8.- O adxudicatario non poderá facer uso da caseta ou espazo autorizado ata que se lle expida a autorización correspondente, de acordo con o establecido nestas bases.

9.- O Concello non se fai responsable dos posibles furtos, roubos ou danos que poidan sufrir os bens do adxudicatario.

10.- Os artesáns adxudicatarios de autorizacións tipo 2 (sen caseta) deberán desmontar o seu posto no momento de finalización de cada xornada segundo os horarios máximos de peche previstos nestas bases.

11.- O autorizado deberá ter exposto en forma facilmente visible e lexible para o público os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente autorización municipal, así como unha dirección para a recepción das posibles reclamacións.

12.- O autorizado cumprirá as condicións previstas no anexo I destas bases.

13.- O incumprimento de calquera das condicións impostas na autorización levará a súa revogación sen xerar dereito a indemnización a favor do interesado.

### 11ª.- **Taxas**

Tras a adxudicación, o autorizado terá que abonar a taxa correspondente de acordo coa Ordenanza aplicable nº 15.1

### 12ª.- **Forza maior**

En caso de forza maior, as datas da feira poderán ser modificadas ou a súa celebración anulada. Neste último caso aplicarase o seguinte réxime:

Se a anulación prodúcese con carácter previo ao seu inicio, o importe do pago das taxas que se fixo efectivo será devolto ao adxudicatario.

Se a anulación prodúcese unha vez iniciado o evento, unicamente devolverase a parte proporcional da taxa correspondente aos días que restasen para a súa finalización.

En todos estes casos, non haberá lugar á indemnización por presuntos danos e/o prexuízos, como consecuencia da anulación ou modificación.

### 13ª.- **Facultades de inspección**

Os servizos municipais poderán realizar inspeccións periódicas ao obxecto de comprobar o cumprimento das condicións da autorización outorgada, a limpeza e hixiene das instalacións e as restantes obrigacións previstas na lexislación aplicable e nestas bases.

De estimar que se produciu un incumprimento esencial de calquera das mesmas, o Concello acordará a revogación da autorización.

### 14ª.- **Infraccións e sancións**

Será de aplicación o réxime de sancións previsto no título VIII da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, así como o previsto en ordenanza reguladora de venda ambulante en



## Concello de Ortigueira

---

mercados do moi nobre Concello de Ortigueira (BOP núm. 108 de 12.05.2000), en todo o que non se opoña á lexislación citada.

### 15ª.- Facultade de revogación

O Concello de Ortigueira poderá revogar a autorización unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito á indemnización, cando:

- a) A autorización resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade.
- b) Prodúzanse danos no dominio público.
- c) A autorización resulte incompatible con actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral.

### Anexo I. NORMAS DE INSTALACIÓN E MONTAXE

#### 1.- Entrada e colocación. - Só para autorizacións de tipo 1 (casetas)

A efectos da montaxe e instalación do posto de venda, facilitarase ás persoas autorizadas un pase para a entrada de vehículo. O seu uso é persoal e intransferible. Para a carga e descarga de mercadorías, os vehículos han de circular con moita precaución, porque están instalados nunha zona de parque público. Se é posible, o acceso ha de facerse pola parte de atrás das casetas, tanto pola superficie de formigón como pola zona da herba.

O acceso permitirase a partir do mércores 8 de xullo, a partir das 12 horas, debendo deixarse despexado o luns 13, ás 17 horas.

2.- Vehículos. - Han de aparcarse fóra da zona da feira. Na zona da depuradora ou piscina municipal. Non se poden estacionar diante das entradas e saídas dos almacéns portuarios.

Non se pode aparcar na zona do porto onde está sinalizado como de aterraxe de helicópteros de emerxencia, preto do guindastre portuario.

3.- As ordenanzas municipais non permiten a tenencia de animais soltos. Rógase que os teñan atados e cumpran as normas vixentes.

4.- Instálanse uns módulos de duchas e baños na zona da depuradora.

5.- Aínda que hai presenza permanente de vixiante de seguridade, o Concello non se fai responsable de furtos e roubos que poidan producirse, polo que aconsellamos non deixar obxectos de valor nas casetas.

6.- As casetas non están numeradas. Distribúense desde a estatua do Gaiteiro, tomando como referencia os farois.

7.- A mercadoría reponse pola mañá e as casetas abren ás 12 horas.

8.- Existe un plan de emerxencias para o festival que será comunicado pola empresa encargada do mencionado Plan e é de obrigado cumprimento para todos os participantes.

9.- Cando finalice a feira, déixase a chave posta por dentro da fechadura na caseta.



### ANEXO II. MODELOS DE CASSETAS UNIDADE DE CASETA. MODELOS DE ANOS ANTERIORES



#### Descrición.

##### Modelo 1.

As casetas das fotografías son do Modelo 1, de 2,10 x 2,10 metros, con mostrador, enerxía eléctrica e pechadura. Unha vez montadas non se poden variar as características, por iso é tan importante sinalar se se desexan abertas ou pechadas.

##### Modelo 2.

As casetas do modelo 2, son das mesmas características, pero de maior tamaño, de 3,40 de longo x 2,10 de fondo. Neste caso non hai problema en que sexan abertas e pechadas, porque a porta pódese poñer e quitar facilmente. Pódense pedir abertas e á hora de pechar instálase o peche polo usuario. Se se desexan pechadas é importante dicilo, por se se desexa mostrador





## Concello de Ortigueira

### ANEXO III. SOLICITUDE 2026

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con domicilio en  
\_\_\_\_\_ sito no municipio  
de \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ con NIF  
\_\_\_\_\_ actuando en nome propio.

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con domicilio en  
\_\_\_\_\_ sito no municipio  
de \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ con  
NIF \_\_\_\_\_ actuando en representación de \_\_\_\_\_.

NIF da entidade :.....

Domicilio social .....

Teléfono .....

Designa como correo electrónico a efectos de comunicación \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Dispoño da seguinte páxina web: \_\_\_\_\_

Outros datos: \_\_\_\_\_

Solicita participar na presente convocatoria: **ADXUDICACIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A VENDA AMBULANTE NA FEIRA DE ARTESANÍA DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA NO ANO 2026**

Para ese efecto:

1.- Declara baixo a súa responsabilidade que:

- Coñece e acepta cantas obrigacións derívanse das bases reguladoras desta convocatoria
- Está dado de alta no epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas (IAE) e está ao corrente do pago do imposto ou, en caso de estar exento, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- Está dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda, así como os empregados do negocio.
- Está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias co Estado, a Comunidade Autónoma e o Concello de Ortigueira.
- Está ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.
- Non está incluído en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade obxecto do presente procedemento.
- Reúne as condicións esixidas pola normativa vixente para o exercicio da venda ambulante.
- De resultar adxudicatario, destinará o espazo público asignado única e exclusivamente para a actividade autorizada.
- Expoñeranse á venda os seguintes produtos artesanás: .....



## Concello de Ortigueira

- Realizo integramente a artesanía declarada.
- Está en posesión da documentación que acredita os extremos anteriores, que a poñerá ao dispor da Administración se lle resulta requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante a vixencia da autorización.

### 2.- Presenta a SEGUINTE SOLICITUDE:

(só é posible solicitar unha opción. Marque cunha X a elixida):

- Autorización de tipo 1 Caseta modelo 1     con mostrador
- Autorización de tipo 1 Caseta modelo 2     con mostrador
- Autorización de tipo 2

Achega a seguinte documentación. (Sinálase a que aporta).

- \_\_\_ Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para a venda ambulante (base 6ª)
- \_\_\_ Catálogos, fotografías, vídeos ou documentación da artesanía inventariada que se ofertará á venda.
- \_\_\_ Acreditacións,
  - \_\_\_ Persoa artesá,
  - \_\_\_ Obradoiro artesá,
- \_\_\_ Acreditación de pertenza a Asociacións de Artesáns.
- \_\_\_ Pola elaboración exclusiva de instrumentos musicais tradicionais.
- \_\_\_ Por acreditar mais de 5 anos ininterrompidos de exercicio profesional na artesanía.  
(É necesario aportar certificado oficial de alta en seguridade social en actividades de artesanía)

Outra documentación:.....  
.....

Observacións.....  
.....

Data, lugar e firma

